



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** Nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a contratación dun (1) peón-operario de obras e servizos múltiples do Concello de Laxe baixo a modalidade de contrato temporal por acumulación de tarefas

**Núm. Admvo. Expte:** 2020/E001/000007

**Expte. Decreto Núm:** 2020/G003/000667

O día 26.10.2020 o Concello publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 179, a convocatoria do proceso selectivo para a contratación dun (1) peón-operario de obras e servizos múltiples do Concello de Laxe baixo a modalidade de contrato temporal por acumulación de tarefas. As bases aprobáronse por Resolución de Alcaldía núm. 567/2020, de 20.10.2020.

A base 7 da convocatoria establece que as persoas integrantes do tribunal cualificador serán nomeadas por Resolución de Alcaldía, que se publicará no taboleiro de anuncios e páxina web do concello de Laxe.

Polo que, esta Alcaldía

### RESOLVE:

**PRIMEIRO.** Designar ao Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación dun (1) peón-operario de obras e servizos múltiples do Concello de Laxe previsto na base sétima, que estará composto polos membros seguintes:

- Presidenta: Isabel M<sup>a</sup> Castro Añón, administrativa de contabilidade deste concello  
Suplente: José Antonio Esmoris Gómez, bibliotecario-arquiveiro deste concello
  
- Vogais:
  1. Alfredo Ángel Lema Agra, operario de servizos múltiples deste concello.  
Suplente: José Manuel Pose Santos, operario de servizos múltiples deste concello.
  2. Manuel Lema Pérez, auxiliar de policía local deste concello.  
Suplente: Alejandra Castro Añón, administrativa deste concello.
  3. Julio Torreira López, animador-monitor deportivo deste concello  
Suplente: M<sup>a</sup> Dolores Antelo Collazo, traballadora social deste concello.
  
- Secretaria: Sandra Vázquez Mira, auxiliar administrativa deste concello.  
Suplente: Emilia Alborés Lema, AEDL do Concello de Laxe.

**SEGUNDO.** Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Laxe.

Mándao e asínao en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde

Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora

Asdo. Begoña Carrasco García

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)